OURENSE MILLA SOLIDARIA 2017

REGULAMENTO

ARTIGO 1

Sublime Deporte y Cultura S.L., coa colaboración do Club Deportivo Aurum, o Consello Municipal de Deportes do Concello de Ourense e coa autorización da Federación Galega de Atletismo, organiza a Ourense Milla Solidaria 2017, que se celebrará en Ourense o domingo, 30 de abril de 2017.

Ourense Milla Solidaria 2017 é unha carreira pedestre de carácter popular e solidario. O recadado en concepto de inscricións será doado integramente á "**Asociación Española Contra el Cáncer"**.

Ourense Milla Solidaria 2017 desenvolverase na rúa do Paseo de Ourense, no tramo comprendido entre a rúa Concordia e o Parque de San Lázaro, nun circuíto homologado pola RFEA no que 4 voltas completarán a distancia dunha milla, 1.609,34 m. O número de voltas e distancia a percorrer adaptaranse segundo a categoría.

ARTIGO 2

Poderán participar nesta proba atletas federados e atletas populares.

A proba está incluída no calendario oficial de competicións da Federación Galega de Atletismo e estará controlada polo Comité Galego de Xuíces e Cronometradores da Delegación en Ourense da Federación Galega de Atletismo.

ARTIGO 3

Establécense as seguintes categorías:

- **Pitufos.** Nados no ano 2010 e posteriores.
- **Benxamín.** Nados nos anos 2008 e 2009.
- **Alevín.** Nados nos anos 2006 e 2007.
- **Infantil.** Nados nos anos 2004 e 2005.
- **Cadete.** Nados nos anos 2002 e 2003.
- **Xuvenil.** Nados nos anos 2000 e 2001.
- **Junior.** Nados nos anos 1998 e 1999.
- **Promesa.** Nados nos anos 1995, 1996 e 1997.
- **Senior.** Nados nos anos 1994 e anteriores
- **Veteráns.** A. De 35 a 44 anos. B. De 45 a 54 anos. C. De 55 a 64 anos. D. >65

ARTIGO 4

Distancias e horarios:

11:00	Xuvenil – Junior H	Milla	1.609,34 m.
11:10	Xuvenil – Junior M	Milla	1.609,34 m.
11:20	Infantil – Cadete H	½ Milla	804,67 m.
11:30	Infantil – Cadete M	½ Milla	804,67 m.
11:40	Benxamín – Alevín H	¼ Milla	402,34 m.
11:50	Benxamín – Alevín M	¼ Milla	402,34 m.
12:00	Pitufos H – M	1/16 Milla	100,58 m.
12:10	V B – C – D H	Milla	1.609,34 m.
12:20	V B – C – D M	Milla	1.609,34 m.
12:30	Promesa – Senior – V A H	Milla	1.609,34 m.
12:40	Promesa – Senior – V A M	Milla	1.609,34 m.
13:00	Entrega de premios.		

A organización poderá modificar as series, dependendo do número de participantes.

ARTIGO 5

A saída e meta estará situada na rúa do Paseo de Ourense.

ARTIGO 6

As inscricións estarán abertas o 3 de abril ata o 26 de abril de 2017 ás 20:30 h.

A inscrición realizarase unicamente a través da web www.carreirasgalegas.com.

O custe da inscrición e de 3€ para as categorías xuvenil, junior, promesa, senior e veteráns, importe que irá destinado integramente á "Asociación Española Contra el Cáncer".

Para o resto de categorías a inscrición será gratuíta. Dado o carácter solidario da proba, poderán doar unha axuda para a AECC mediante o DORSAL 0

Todas as persoas que desexen contribuír coa causa, pero non desexen realizar a carreira, a organización ofrece a posibilidade de realizar un donativo no DORSAL 0, que irá a parar integramente á AECC. Máis información e DORSAL 0 en www.carreirasgalegas.com.

Neste evento non poderán participar nin atletas españois con axuda económica da RFEA nin atletas estranxeiros que realizaran, durante a presente tempada ou as 2 anteriores, unha marca dun valor de 900 puntos ou superior por táboa IAAF vixente (como se detalla no artigo 3.4 da normativa RFEA para probas de ruta en

Competicións Autonómicas, circular RFEA 142/2016 publicada o martes 21 de xuño de 2.016), salvo permiso expreso concedido. Este punto non é aplicable para atletas (españois ou estranxeiros) con licenza dilixenciada pola Federación Galega de Atletismo. Calquera atleta que, a sabendas da súa imposibilidade de participar na proba, proporcione datos erróneos para poder facelo, será descualificado.

ARTIGO 7

A recollida de dorsais farase no Centro Municipal José Ángel Valente (Antigo Banco de España) o mesmo día da proba dende as 10:00 h.

ARTIGO 8

Todos/as os/as participantes da categoría pitufos recibirán unha medalla ao rematar a súa proba.

Os/as tres primeiros/as clasificados/as de cada categoría, recibirán unha medalla.

ARTIGO 9

Todo participante que non entre na liña de meta co dorsal ben visible colocado na zona do peito ou que incumpra as normas establecidas no regulamento da Federación Galega de Atletismo e da RFEA referente a probas en ruta, será descualificado.

ARTIGO 10

Non está permitido o acompañamento na proba de ningún vehículo alleo a organización. Nin bicicletas, patíns ou persoas non inscritas que poidan acompañar, avituallar ou marcar ritmos ós participantes. Non se permite a participación con coches ou cadeiras de nenos, nin correr acompañados destes en ningún momento.

A organización recomenda ós participantes, pola súa seguridade, que NON participen con dispositivos reprodutores de música con auriculares.

ARTIGO 11

As reclamacións ós resultados oficiais, deberán formularse verbalmente ó Xuíz Arbitro da Competición non máis tarde de 30 minutos despois da publicación dos mesmos.

ARTIGO 12

A organización disporá de servizo médico, ambulancia e avituallamento.

A proba conta cun seguro de Responsabilidade Civil e un seguro de accidentes deportivos para os participantes.

ARTIGO 13

Todo o non previsto neste regulamento resolverase de acordo co regulamento da FGA, RFEA e IAAF en vigor.

ARTIGO 14

Todos os participantes, polo feito de inscribirse, confirman que leron, entenden e aceptan o presente regulamento.

NOTA: Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición o corredor consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Resposabilidade Civil, así como a xestión da licencia de día e ranking popular de probas de ruta. En todo caso e tal como establece a lei de Protección de Datos, o interesado pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Avenida de Glasgow 13 – 15008 A Coruña.